

07. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.

No ano 1700 o rei **Felipe V de Borbón** recibiu a coroa de España. Naqueles momentos esta estaba formada por un *conglomerado de reinos, cada un dos cales tiña leis, foros e institucións diferentes*. Dentro dos territorios peninsulares, o poder do rei era forte na Coroa de Castela, pero estaba suxeito a fortes limitacións na Coroa de Aragón.

Os **Decretos de Nova Planta** forman parte dun *programa de reformas políticas e administrativas* que Felipe V introduciu desde o inicio do seu reinado, *co obxectivo de establecer un maior grao de centralización do poder político e a unificación lexislativa e institucional* en España. Inspiradas no modelo político francés, estas reformas son un conxunto de decretos asinados polo monarca durante a Guerra de Sucesión mediante os que *quedaban abolidos os privilexios forais dos reinos da Coroa de Aragón*, considerados como rebeldes por tomar partido por Carlos de Austria no conflito sucesorio. Felipe V, apoiado na forza militar das súas tropas e a medida que ía recuperando territorios, aboliu os privilexios de Aragón e Valencia (1707), Mallorca (1715) e Cataluña (1716), impondo as leis de Castela.

Coa aplicación dos Decretos de Nova Planta, **os reinos da Coroa de Aragón perderon a súa autonomía política e institucional**, sendo sometidos aos modelos casteláns:

- ➔ As institucións particulares aragonesas (como Cortes, Deputacións, Consellos ou Generalitat) foron suprimidas.
- ➔ Os vicerreis foron substituídos por capitáns xenerais (rebaixando tamén as súas atribucións).
- ➔ Os concellos foron sometidos á autoridade dos correxidores, e introducíronse os intendentes.
- ➔ Os tribunais xudiciais dos territorios aragoneses foron modificados mediante a creación das Audiencias en Zaragoza, Valencia, Mallorca e Barcelona, a imitación das de Castela. O dereito público que se vai aplicar será tamén o castelán, aínda que permanecerá o civil catalán. Ademáis, o castelán substituíu ao catalán como lingua na Administración.
- ➔ Ao perder a súas Cortes e institucións, os territorios aragoneses perden tamén a capacidade de limitar as esixencias do rei para cobrar novos tributos, quedando sometidos á lexislación tributaria castelá. Asimesmo impuxéronse as quintas para o recrutamento de soldados, servizo do que antes estaban exentos.

No **terreo económico**, en cambio, saen favorecidos, xa que as aduanas interiores que existían entre os distintos reinos da Coroa de Aragón e Castela foron suprimidas, de modo que os comerciantes cataláns puideron iniciar no século XVIII a súa expansión pola península Ibérica, contribuíndo ao despegue económico de Cataluña.

Cos Decretos de Nova Planta **incrementouse o centralismo borbónico, cunha maior uniformización dos territorios**, aínda que *subsistiron numerosos particularismos políticos e xurisdicionais, caso de Navarra e as provincias vascas*. Estas mantiveron os seus privilexios forais e os seus réximes especiais (provincias exentas), en gran parte polo apoio prestado á causa borbónica durante a Guerra de Sucesión.